

GUADI GALEGO

Despois de dez anos sendo a voz do máis universal dos grupos de música tradicional galega, Berrogüetto, e tras do éxito de crítica de tres excepcionais proxectos paralelos, 'Nordestin@s' (con Abe Rábade e Ugía Pedreira), 'Espido' (con Guillermo Fernández) e 'Rosalía XXI' (con Abe Rábade & Quartet e Anxo Angueira), Guadi Galego volta aos palcos para facer unha reinterpretación do seu primeiro traballo en solitario, 'Benzón', acompañada polo trío do músico cubano Alejandro Vargas.

Con este paso adiante, a vocalista dá coa chave mestra que abre as portas do tradicional ao contemporáneo, do folk ao jazz e ao pop; con naturalidade e sen deixar atrás unha carreira forxada e asentada nas bases da música galega de raíz. Ela mesma resume de xeito acertado o concepto: "Eu fago música, música de aquí, porque aquí faise música tradicional, pop e jazz galegos".

"Benzón" ("bendición") é una antiga locución popular galega que denota agradecemento. E Guadi ten motivos para estar agradecida: músicos coma Fran Pérez, Pedro Lamas, Pedro e Pablo Pascual, Guillermo Fernández, Xabier Díaz ou Odaiko veñen de facer os arranxos de melodías tradicionais e de composicións propias da artista, mentres que Uxía, Manolo Maseda, Ugía Pedreira ou Rosa Bugallo teñen contribuído coas súas letras. Amais, outros grandes nomes do folk galego como Leilía, Abe Rábade, Santi e Uxía Cribeiro, Quim Farinha, Marcos Vázquez, Suso Iglesias, Sergio Sieiro, Xacobe Martínez Antelo ou Leandro Deltell participaron dun xeito ou doutro na gravación do disco.

A nominación á Mellor Canción en Galego nos Premios de la Música ("Madama") e o seu galardón nos Premios Opinión son só as primeiras mostras de que a aposta en solitario de Guadi Galego leva camiño de consolidala como un dos grandes talentos da música feita en Galiza.

En directo, 'Benzón' transita dende os postulados acústicos en base aos que foi concebido até unha orixinal proposta baixo a batuta do músico cubano Alejandro Vargas, no piano, a quen acompañan L.A.R. Legido na batería e José Manuel Díaz no baixo. Un inusual despregue de virtuosismo que torna este 'Benzón' nunha das mellores noticias para a música galega dos últimos tempos.